

**VENRES 8 DE FEBREIRO-20:45 H**

**Auditorio CCC de Arteixo**  
**"Macbeth: o ruído e a furia"**  
de Estudo do Momento

**+13**

TEATRO  
Con entrada  
4 e 3 €  
Duración: 60'

Adaptación en verso de **Manuel Lourenzo** da traxedia celta de William Shakespeare protagonizada por **Xoán Carlos Mejuto, Luis Iglesia, Iria Ares, Carlos Sante e David Perdomo.**

Unha viaxe á chaira escocesa, neboenta e insegura. Tambores de guerra. Berros de barro. Versos de sangue, traizón e morte. Feiticeiras retranqueiras e ministras do fado, manipuladoras dos máis bravos guerreiros. Un tempo eterno e circular do que ninguén volta xamais. **Voltan os tempos escuros. Voltan os tempos de Macbeth.**




**VENRES 15 DE FEBREIRO-19:00 H**

**Auditorio CCC de Arteixo**  
**"A casa do terror"** de Xoán Curiel



MÚSICA  
+3 anos  
Con entrada: 3 e 2,25 €  
Duración: 50'



**Xoán Curiel e a Banda do Verán** presentan **novo espectáculo: A Casa do Terror**, unha aventura, na cal un grupo de amigos vese obrigado a durmir nunha casa encantada e vive aventuras divertidas e terroríficas relacionadas coa música, a amizade e a superación dos propios medos. A perspectiva do terror é abordada neste espectáculo dun xeito moi divertido e lévase a cabo a través de personaxes divertidas como: as pulgas sombis, o lobo lover, ratatiburóns, gativampiros, o monstro da lavadora, a pantasma con asma, e un longo etc... Este é un **divertido e dinamizador espectáculo musical con cancións, danzas, elementos teatrais e de clown** e sobre todo moita participación do público asistente.

**VENRES 15 DE FEBREIRO-20:00 H**

**Auditorio CSC de Meicende**  
**"Ligerito caminando"** de Grupo de Teatro Portas Abertas

**+12**

TEATRO AFECCIONADO  
Con invitación  
Duración: 60'



Varios peregrinos facendo o **Camiño de Santiago** van chegando a un albergue onde pernoitar. Preséntanse e van contando as súas vidas e as variadas razóns da Peregrinación. O estraño albergue dirixido por unha monxa é demasiado raro e ocorren vivencias pouco habituais.

**VENRES 22 DE FEBREIRO-20:45 H**

**Auditorio CCC de Arteixo**  
**"#Camiños"** de ButacaZero e CDG

**+13**

TEATRO/DANZA  
Con entrada  
4 e 3 €  
Duración: 75'



Obra sobre a Galicia máis **millenial**, unha peza **feminista** con 5 mulleres en escena; o conflito está servido coa **emigración** como fío condutor. E falando de fíos... A **costura** como parte da nosa historia: pasarelas de moda repasando a nosa historia, **Zara** e mesmo **Lovely Pepa**, a nosa influencer máis internacional, aparecen en escena. As Churrascas, versionando a **Rosalía de Castro** ou ao **dúo Pimpinela** con base electrónica, non podían faltar. Mesmo **Gadis** quixo participar desta festa porque... MALO SERÁ! Danza contemporánea, coreografías en bicicletas de spinning! Unha festa teatral que non deixa indiferente a ninguén

# CARTELEIRA DE INVERNO

## XANEIRO E FEBREIRO DE 2019

### AUDITORIOS

Centro Cívico Cultural de Arteixo  
Centro Sociocultural de Meicende

[www.artaixo.org](http://www.artaixo.org) / [cultura@artaixo.org](mailto:cultura@artaixo.org) / 981641803

**Venda de entradas:** na billeteira do CCC de Arteixo  
**Recollida de invitacións:** no CSC de Meicende 1 h antes da función



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Deputación DA CORUÑA

AGADIC



REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

**VENRES 4 DE XANEIRO-19:00 H**

**Auditorio CCC de Arteixo**  
**"Os fabulosos cleaners" de Malasombra**

**TP**

**TEATRO**  
Todos os públicos  
Con entrada:  
3 e 2,25 €  
Duración: 60'



Dous operarios da limpeza do teatro, descubren por casualidade as múltiples posibilidades que lles ofrecen as súas ferramentas de traballo combinadas con auga e xabón. A partir de aí, emprenderán unha excitante viaxe conducidos polas fantásticas pompas e burbullas: transparentes, con fume, con vapor, pequenas, grandes, estáticas ou voando polo escenario. O espectador camiñará por un mundo máxico, cheo de cor e de moito, moito humor, e verase sorprendido dentro dun patio de butacas repleto de miles de pompas de xabón.

**VENRES 11 DE XANEIRO-19:00 H**

**Auditorio CCC de Arteixo**  
**"A galiña azul" de Tanxarina**

Lourenzo ten unha galiña azul con cinco plumas vermellas na ala dereita. É moi bonita e moi rara: pon ovos de cores!!! ademais non di "cacaracá" senón "cocorocó" e iso ten preocupadas ás autoridades.



**TEATRO/MONICREQUES**  
+ 3 anos  
Con entrada: 3 e 2,25 €  
Duración: 50'

O texto de C. Casares, pedra angular da literatura infantil galega, cobra nova vida neste espectáculo nunha diivertida adaptación. A galiña azul resulta unha convincente arma contra a inxustiza e unha clara defensa da diversidade. Fainos lembrar que aínda é posible loitar contra a homoxeneidade cando esta vén imposta.

**VENRES 18 DE XANEIRO-19:00 H**

**Auditorio CCC de Arteixo**  
**"Animal sagrado" de Aporía Escénica**

**TEATRO/MONICREQUES**  
+ 6 anos  
Con entrada: 3 e 2,25 €  
Duración: 50'



Animal sagrado, procura traer á actualidade o amor profundo e respecto pola vida a través da historia de tres animais considerados máxicos e sagrados en distintas culturas: **o gato en Exipcio, o elefante en África e os peixes Koi en Xapón.**

Preténdese, desta maneira, establecer un nexo de unión entre o pasado e o presente, un reencontro cos animais como seres vivos únicos, sabios e inocentes dos que temos moito que aprender de establecermos unha relación equilibrada e orgánica, afastada da consideración de obxectos da nosa propiedade.

**VENRES 18 DE XANEIRO-20:00 H**

**Auditorio CSC de Meicende**  
**"Lafayette show" de Cayetano Lledó**



**TP**

**MAXIA**  
Todos os públicos  
(+3 anos)  
Con invitación  
Duración: 75'

**Lafayette Show** é un espectáculo de maxia con comedia e humor adicado a público familiar. Un espectáculo onde un só artista interpreta todos os personaxes que saen a escena. Combina o encanto da maxia e o ilusionismo co teatro, a comedia, a interpretación, a música, a danza, a hipnose, o mentalismo e unha mestura de artes afíns. Este show, pensado para público de todas as idades, mostra con grandes doses de humor e teatro o lado máis espectacular e fascinante da maxia.

**VENRES 25 DE XANEIRO-19:00 H**

**Auditorio CCC de Arteixo**  
**"Patapatúm" de Elefante Elegante**

**TEATRO**  
3-8 anos  
Con entrada: 3 e 2,25 €  
Duración: 45'



Unha reflexión sobre a presenza dos bens materiais nas relacións entre pais e fillos, a través da máscara e do xogo físico propician un universo cómico, cunha banda sonora inspirada na música dixie.

**VENRES 1 DE FEBREIRO-19:00 H**

**Auditorio CCC de Arteixo**  
**"Le cirque" de Cayetano Lledó**



**TP**

**MAXIA**  
Todos os públicos  
(+3 anos)  
Con entrada  
Duración: 75'

Adéntrate no fabuloso mundo do circo baixo a visión fresca e renovada do home que revolucionou as artes circenses fusionadas coa maxia, **Monsieur Lafayette!**

Sumérxete no misterio e na maxia. Entra no apaixonante mundo dun héroe da escena moderna, que rescatou o **vaudeville** e mailo **cabaret** para facelos emerxer con máis forza que nunca. **Benvido ao circo!**

**VENRES 1 DE FEBREIRO-20:00 H**

**Auditorio CSC de Meicende**  
**"O encoro enfeitado" de Kukas**

**TÍTERES**  
3-12 anos  
Con invitación  
Duración: 50'



Obra ecoloxista que recupera personaxes da mitoloxía popular galega.